

Parella de rapaces nados en Galicia e levados de nenos á Argentina. Rapaz de rostro amable, sempre cun sorriso leve e cariñoso; inclinado ás citas bíblicas. Rapaza de ollos vehementes e perfil de trazos rectos, todo firmeza. Pero nos seus ollos agroman as bágoas doadamente. Veñen coñecer as súas familias. Enviados polo Balboa a nós.

Viaxe en avión a Madrid, e en tren de Madrid á Coruña. Amañécelles en día de néboa e fumes densos a procuraren lentamente o ceo entre a brétema. Casas de pedra inimaxinables no país do barro: “¡Este é o noso país!”

O rapaz:

“A meu pai facíanlle a vida imposible no traballo porque ía traballar coa Biblia, que ás veces a puña na mesa.

A familia foi reclamada por uns tíos evanxélicos, que xa antes escaparan das dificultades en España.

Fomos vivir a un conventillo, como tanta xente; pero aquel era de evanxélicos, todos coa mesma crenza, e coa mesma moral. Nese conventillo vivimos nós os dous.

Meu pai era mecánico e, por iso, fomos morar á casa dun obradoiro, e alí só había un retrete, que usaban os obreiros; había que atravesar o obradoiro e a miña nai esperaba a que se fosen os homes para servirse.

Creáronse dúas igrexas de galegos. Eu ía á escola dominical en colectivo. Tardaba hora e media. Ficaba a xantar na casa do pastor. Á tarde viñan os meus pais ao culto e volvía con eles.

Sempre tiven a curiosidade de coñecer a miña terra, e hoxe están difíciles as cousas na Arxentina; pero teño un deber coa nosa igrexa. Alí é onde debo estar.”

A rapaza:

“Meus pais fóronse directamente á procura de liberdade de pensamento e culto. Pero pagámola moi cara.

Foi moi duro o que atoparon. Viñeron nun momento en que o teléfono era algo exquisito, imposible; e en que os correos demoraban semanas... Miña mai escoitou a voz da súa logo de vinte anos.

Galicia era o pranto da miña vella; sempre choraba pola súa terra. E para nós, os pequenos, Galicia e os avós eran todos o mesmo, os paquetes que chegaban á alfándega con roupas e conservas.

Outros nenos tiñan curmáns para as festas, pero nós non os tiñamos. Os nosos compañeiros ían aos enterros dos velliños das familias, pero a nós morráronnos os avós e non os puidemos acompañar ao cemiterio.

Sempre vivimos en liberdade, de reunión e de predicación; montábanse carpas para predicar nos lugares públicos con permiso do concello. Nunca represión houbo por parte de ningún goberno. Nunca. Pero os nosos pais dubidan á hora de xulgaren o que fixeron; porque en España se libraron da humillación á que os sometían por seren herexes pero na Arxentina sufriron a de seren inmigrantes e pobre durante moito tempo; e a se ver no que desemboca o que estamos a vivir alá.”